

## DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA O INICIO DA COMPETICIÓN DE VOLEIBOL

D./D<sup>a</sup>

con N.I. F.

como \_\_\_\_\_ ante a situación de pandemia polo SARS- CoV-2 que afecta á poboación en xeral, e a afectos de comezar a competición estatal de voleibol da tempada 201-22, DECLARA RESPONSABLEMENTE

1. Que nos 14 días previos ao comezo da competición oficial de voleibol de ámbito estatal da temporada 2020-21 non presentou nin tose, nin temperatura por encima dos 37,5 graos, nin cansazo ou falta de aire, nin outros síntomas típicos das infeccións; que non deu positivo por Coronavirus SARS- CoV-2, nin estivo en contacto con alguén diagnosticado de COVID-19, ou con sintomatoloxía compatible coa mesma.

2. Que, se durante o período de desenvolvemento da competición oficial de Voleibol de ámbito estatal da Temporada 2020-21 padecese os síntomas indicados no parágrafo anterior, NON ACUDIRÁ á actividade e este feito será COMUNICADO de inmediato á FGVB. A mesma obrigaón asúmea se os síntomas fosen padecidos por persoas conviventes, ou se o deportista tivese contacto con algunha persoa diagnosticada de COVID-19 ou que presentase os síntomas compatibles coa enfermidade arriba descritos.

3. Que COÑECE os riscos derivados da pandemia de COVID-19, e ASUME que na práctica do Voleibol de competición, e aínda que se cumpran con todas as medidas de prevención indicadas no Protocolo, existe un maior risco de contaxio de COVID-19 coas consecuencias que diso puidésense derivar para a súa persoa en termos de saúde, secuelas ou problemas que, mesmo, puidesen ocasionarlle a morte.

4. En caso de resultar contaxiado por COVID-19, EXONERA á FGVB, as súas autoridades e persoal, de calquera responsabilidade en relación cos posibles danos ou prexuízos que puidesen derivarse para a súa persoa.

5. Que LEU o Protocolo Sanitario emitido pola FGVB para as competicións oficiais de Voleibol de ámbito estatal e COMPROMÉTESE a cumprilo de maneira responsable, na súa totalidade, coas pautas de conduta e comportamento que alí se establecen así como as instrucións que sexan dadas polas autoridades deportivas ou o persoal de organización, aceptando que o Responsable de Hixiene do evento pode acordar motu proprio a súa exclusión da zona de competición e da instalación deportiva en caso de incumprilas.

6. Que COÑECE o Protocolo de Xogo COVID aprobado pola FGVB con motivo da pandemia, e comprométese á súa aplicación exhaustiva como mecanismo preventivo para evitar contaxios entre todos os participantes na competición.

7. Que ACEPTA que se se mostrase pola súa banda unha conduta ou comportamento de inobservancia dos Protocolos e normas establecidas para a prevención da pandemia, ou incumprimento das ordes e instrucións do persoal técnico e médico en relación coas medidas de seguridade para evitar contaxios por COVID-19, está a cometer infraccións susceptibles de ser sancionadas pola FGVB

8. Que É CONCIENTE e ASUME a posibilidade de postergación e/ou cesamento definitivo da competición de voleibol da tempada 2020-21 por incidencias relacionadas co contaxio do virus. Tamén entende e acepta que segundo a evolución da pandemia, puidese producirse calquera modificación na mesma.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asinado:

## DOCUMENTACIÓN RGPD DE: FEDERACIÓN GALLEGA DE VOLEIBOL

### **Información básica sobre Protección de datos**

Responsable: Federación Galega de Voleibol; Finalidade: Salvaguardar os intereses vitais das persoas; Lexitimación: Cumprimento dunha obrigación legal, misión en interese público; Destinatarios: Están previstas cesións de datos a: Entidades sanitarias, Forzas y Corpos de Seguridade do Estado, Organismos da Seguridade Social e Autoridades laborais; Dereitos: Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, indicados na información adicional, que pode exercer dirixíndose a [ramon@nossolucions.es](mailto:ramon@nossolucions.es) ou R/ Carcasía nº38 15200 Noia (A Coruña); Procedencia: O propio interesado.

*Formularios de recollida de datos de saúde en relación coa COVID-19.*